

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA QUINCE DE DECEMBRO DE 2008, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D <sup>a</sup> . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D <sup>a</sup> . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D <sup>a</sup> : MARGARITA DEVEESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D <sup>a</sup> : M <sup>a</sup> . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D <sup>a</sup> . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as dez horas do día quince de decembro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia cédelle a palabra o voceiro do grupo, Sr. Sánchez que explica as razóns da convocatoria deste pleno extraordinario que substitúe ó ordinario do mes de decembro.

Seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte


ORDE DO DÍA

1º.- Moción do Grupo Popular sobre modificación da lei do réxime electoral xeral en relación co dereito ó voto dos españois residentes no exterior

En función do establecido no artigo 82 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais , ratifícase por unanimidade a inclusión deste punto na orde do día

De seguido o Sr. Lema do PP explica o contido da moción presentada polo seu grupo para modificar a Lei do Réxime Electoral Xeral en relación co dereito ó voto dos españois residentes no exterior . Di que se trata dunha moción máis ben simbólica pero non menos importante por ser fundamental para a saúde democrática do noso sistema político.

Intervén dona Xosefina R. Guitián do BNG para en primeiro lugar manifestar o seu desacordo coa convocatoria desta sesión e di que o BNG non acepta as explicacións dadas polo seu voceiro ó comezo da sesión e que ó seu entender trátase



dunha obstaculización do funcionamento en si do pleno ordinaria o ó ter que en cada punto votar a ratificación da súa inclusión na orde do día

En canto ó punto a debatir di que o BNG está de acordo co contido da moción ó tratarse de algo que o Parlamento de Galicia xa presentou con data cinco de setembro como proposición de lei para homoxeneizar o procedemento de voto das persoas residentes no exterior. O que non está de acordo é co oportunismo político da mesma, proponéndolle o Partido Popular a modificación do punto 1º da mesma.

O Sr. Alvela de TEGA di que a moción lle parece axeitada e se efectivamente se aprobou no Parlamento de Galicia o normal e que se execute, o que non é óbice para que se insista para que as cousas se fagan ben

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que se van abster ó tratarse dun tema que non é competencia do concello, senón dunha Lei Orgánica que ten que aprobar o Parlamento Nacional

O Sr. Lema di que si é unha cuestión na que o concello pode e debe pronunciarse xa que conta con un censo de 800 residentes ausentes e que non ten inconveniente en incluír a modificación proposta polo BNG.

Posta o votación a citada moción coa emenda do BNG, apróbase con 7 votos a favor do PP, BNG e TEGA e 6 abstencións do PSdeG-PSOE, quedando a súa parte dispositiva do seguinte xeito:

Primeiro.- O Concello de Vedra insta ós Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais para que, con carácter de urxencia aproben a Proposición de Lei Orgánica de Modificación da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xullo, do Réxime Electoral Xeral, presentada polo Parlamento de Galicia apoiado unanimemente polos Grupos BNG, PSdeG-PSOE e PP, para posibilitar a homoxeinización do procedemento do voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía nos termos que se expresan na mesma.

Segundo.- Instar ó Goberno para que proceda a tomar cantas medidas sexan necesarias para que, unha vez aprobada a reforma da lei, dese cumprimento con carácter de urxencia ó contido da referida reforma da Lei Orgánica Electoral Xeral.

Terceiro.- Dar traslado destes acordos ós voceiros parlamentarios na Subcomisión sobre as posibles modificacións do Réxime Electoral (Comisión Constitucional) do Congreso dos Deputados.


**2º.- Moción do Grupo Popular en relación co R.D. Lei 9/2008, do 28 de novembro, de creación dun Fondo Estatal de Inversión Local**

Intervén o Sr. Martínez Carrillo do PP para dar unha explicación da presentación no seu momento do moción e retirando a mesma da orde do día ó ser estudado o asunto na Xunta de Voceiros e estar designada a Comisión de Urbanismo e Plans como encargada de estudar as memorias das obras a incluír no Fondo Estatal de Inversión Local.

**3º.- Acordo, se procede, sobre adhesión ó decálogo do Viño de Calidade de Galicia**

Acórdase a ratificación da súa inclusión no punto da orde do día por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta do escrito remitido pola Plataforma Sectorial do Viño de Galicia, integrada polos cinco Consellos Reguladores Vitivinícolas e o das Augar-



dentos e Licores Tradicionais; as tres organizacións profesionais agrarias e máis dunha ducia de asociacións que representan ás adegas das 5 denominacións de orixe, no que expoñen que o primeiro obxectivo da mesma foi editar e asinar un manifesto en defensa da terra, da viticultura e os viticultores, dos adegueiros e do viño de calidade de Galicia, aprobando un documento que recolle, en 10 puntos, os aspectos máis salientables na viticultura e da enoloxía en Galicia.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que lle parece interesante para Vedra adherirse ó decálogo, ó ser positivo, entre outros, para cuestións turísticas.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di estar de acordo coa adhesión, ó mesmo co Sr. Alvela de Tega e o Sr. Lema do PP.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda adherirse o citado decálogo

#### 4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--As preguntas e rogos formuladas por dona Xosefina R. Guitián, a Presidencia contéstalle:

\*Sobre da reposición da marquesiña en Gatente -Trobe, di que xa está repostada

\*En canto á aprobación das bases para contratación temporal sen ser aprobadas en pleno, di que xa foi contestada no seu momento polo Sr. Sánchez

\*Sobre da imaxe final e proxecto de obras do viaducto do AVE en Gundián e do plan de recuperación, di que Adif ten unha imaxe virtual pero que non a presentou no concello e en canto ó proxecto que se pode consultar alí.

\*Sobre da limitación ó paso de camiións de gran tonelaxe polo centro de Ponte Ulla, di que houbo unha asemblea dos veciños pero que de momento non tomaron ningunha determinación

--En canto ás preguntas formuladas por dona Xosefina R. Guitián do BNG e don Carlos Martínez do PP sobre da problemática das vivendas de Xián -Trobe, di que serán contestadas no pleno previsto ó remate desta sesión

--Ás preguntas de don José Alvela de TEGA, a Presidencia di:

\*Sobre da dispoñibilidade de terreos para a colocación dun repetidor na Gaiosa, di que está previsto no polígono industrial onde a empresa GST fixo o estudio, incluso no proxecto de reparación existen terreos para a colocación tamén de telefonía móbil,...etc.

\*En canto ós avais da UTE que está a construír a Ponte de Gundián e a Vía do AVE, di que existe a sinatura do director de obras de Adif, comprometéndose ó arranxo dos tres accesos que están a utilizar neste momento.

\*Sobre a afectación na parte presupostaria polo paso do AVE di que só existe partida para bens de patrimonio cultural e que o único ben que existe é o Pazo de Ortigueira, que é privado.

#### 5º.- Rogos e preguntas

Dona Xosefina R. Guitián do BNG formula as seguintes preguntas:



1.- Solicito explicacións do lamentable estado nos últimos meses da estrada autonómica Padrón-Arzúa no tramo de Ponte Ulla a Codeso, e qué medidas adoptou o concello para solucionalo.

2.- Gustariame saber en que estado está o Plan de Travesías da Deputación 2004-2007

3.- Quero saber cando se reclamou de Adif todo o acordado no Pleno de setembro deste ano. En concreto: cando poderemos coñecer todos cal vai a ser a imaxe final do novo viaducto sobre o Río Ulla? Cando se vai facer pública unha lista das pistas afectadas polo paso de camións? De cales son finalmente as escombrireas que se están a usar? Se o concello dispón ó fin do proxecto de obras, se se pode consultar alí, que se faga e se informe?. Se coñece xa o concello o proxecto de recuperación posterior ás obras?

4.- Canto ó que é responsabilidade directa do concello , ¿Cando se vai sinalizar unha limitación de tonelaxe por determinadas pistas de Ponte Ulla e pola rúa central desa poboación?

5.- En marzo de 2007 aprobouse unha moción neste concello , por certo co apoio de PP e Tega, na que se acordaba, entre outras cousas, o establecemento dunha axenda de traballo previa ás viaxes a Arxentina que se reflexaría en acta pública en Xunta de Goberno ou en calquer outro órgano. Tamén se acordaba dar conta en Pleno ou Xunta de Gbero dos acordos a que se chegara en cada viaxe e das necesidades detectadas na comunidade exterior ou comunicadas por ela. Hai só 4 días terminou unha viaxe a Bos Aires na que participaron concelleiros de todos os grupos da corporación, agás o BNG. Unha viaxe na que van Alcalde e concelleiros a visitar a nosa comunidade en Arxentina enténdese que é unha viaxe institucional, e como tal, debe ter sido decidida en algún momento e comunicada ós grupos de xeito oficial en algún momento. Non lle consta a esta concelleira que en ningún Pleno, Comisión Informativa ou Xunta de Goberno se falara desta viaxe e dos seus obxectivos, pois non consta en ningunha acta. Asimesmo tampouco recibín ningún escrito comunicándome oficialmente unha viaxe institucional e os seus obxectivos. Isto, unido ós contidos da moción acordada en marzo de 2007 obrigame a plantexar as seguintes preguntas:

-cales foron os obxectivos da última viaxe a Bos Aires e por que non se elaborou unha axenda de traballo previa, pública e oficial, tal e coómo se acordou en 2007?

-Cal é o motivo de que unha viaxe supostamente institucional non se comunicara oficialmente, polo menos a un dos grupos da corporación?

-Cal foi a axenda de traballo desenvolvida en Bos Aires, e cales os acordos, actividades, convenios, actos oficiais, etc, en que participaron concelleiros e alcalde do concello de Vedra?


-Solicito unha relación de todos os gastos desta viaxe pagados polo concello

6.- Solicito explicacións de que é o que está ocorrendo con respecto á ampliación da estrada CP-8203 de Vedra a Sta Lucía, e que se informe ós veciños.

--Don Carlos Mratínez do PP formula as seguintes preguntas:

1ª- Cando se van a rematar as obras de saneamento en San Xián? Que xestións se fixeron ou están a facer dende o concello para que estas obras cheguen a bo termo pronto? Para cando prevén que se poden escomezar os enganches á rede?

2ª.- Cando se van a escomezar as obras da estrada Vedra -Santa Lucía? Por



que houbo tantos cambios no trazado? Ante a preocupación causada por eses cambios entre os veciños ós que se lles expropia, qué medidas se tomaron dende o goberno municipal para que a obra se faga canto antes, prexudicando o menos posible ós veciños?. Está o grupo de goberno facendo algunha xestión para que se contrate a última fase? De non ser así, rogamos que se faga.

3ª. Como está o tema da antena de telefonía móbil que se ía colocar entre San Xián e San Fins?

4ª.- Cando aprobaron o PXOM falaban de promover dende o concello o desenvolvemento dalgún dos solos urbanos SUNDs e SUDs. fixeron dende o goberno algunha xestión para iso?

5ª: Cando vai a empezar a funcionar o banco de tempo?

6ª.- Cando se vai a mercar a carpa municipal acordada en plenos?

7ª.- Cando van comezar as obras da estrada San Xián -Oza xa contratadas fai meses? Cando remata o prazo de execución do contrato?

8ª.- Como está o tema do transporte comarcal?

9ª.- Vaise crear o transporte interparroquial como o Sr. Alcalde prometeu publicamente na Romaría da 3ª Idade fai 2 anos?

10ª.- Comó se vai colocar a pedra da entrada á igrexa de San Xián comprometida polo Sr. Alcalde?

Conclúe ó fio das dez horas e corenta minutos

